



Guía Docente				
Datos Identificativos				2017/18
Asignatura (*)	Análise Económico das Organizacións	Código	611G01032	
Titulación	Grao en Economía			
Descritores				
Ciclo	Período	Curso	Tipo	Créditos
Grao	1º cuatrimestre	Cuarto	Obrigatoria	6
Idioma	Castelán			
Modalidade docente	Presencial			
Prerrequisitos				
Departamento	EconomíaEmpresa			
Coordinación	García Álvarez, María Teresa	Correo electrónico	teresa.galvarez@udc.es	
Profesorado	García Álvarez, María Teresa Rodríguez Fernandez, Maria Jose	Correo electrónico	teresa.galvarez@udc.es maria.jose.rfernandez@udc.es	
Web				
Descrición xeral	Preténdese acercar as organizacións empresariais e o seu funcionamento interno ao estudante.			

Competencias / Resultados do título	
Código	Competencias / Resultados do título
A1	CE1- Contribuír á boa xestión da asignación de recursos tanto no ámbito privado como no público.
A2	CE2-Identificar e anticipar problemas económicos relevantes en relación coa asignación de recursos en xeral, tanto no ámbito privado como no público.
A3	CE3-Aportar racionalidade á análise e á descripción de calquera aspecto da realidade económica.
A4	CE4-Avaliar consecuencias e distintas alternativas de acción e seleccionar as mellores, dados os obxectivos.
A5	CE5-Emitir informes de asesoramento sobre situación concretas da economía (internacional, nacional ou rexional) ou de sectores da mesma.
A6	CE6-Redactar proxectos de xestión económica a nivel internacional, nacional ou rexional. Integrarse na xestión empresarial.
A7	CE7-Identificar as fontes de información económica relevante e o seu contido.
A8	CE8-Entender as institucións económicas como resultado e aplicación de representacións teóricas ou formais acerca de cómo funciona a economía.
A9	CE9-Derivar dos datos información relevante imposible de recoñecer por non profesionais.
A10	CE10-Usar habitualmente a tecnoloxía da información e as comunicación en todo a seu desempeño profesional.
A11	CE11Leer e comunicarse no ámbito profesional en máis dun idioma, en especial en inglés.
A12	CE12-Aplicar á análise dos problemas criterios profesionais baseados no manexo de instrumentos técnicos.
A13	CE13-Comunicarse con fluidez no seu contorno e traballar en equipo.
B1	CB1 - Que os estudantes demostran posuir e comprender coñecementos nun área de estudo que parte da base da educación secundaria xeral, e que soe encontrar nun nivel que, aínda que se apoia en libros de texto avanzados, inclúe tamén algúns aspectos que implican coñecementos procedentes da vangarda do seu campo de estudo.
B2	CB2 - Que os estudantes saiban aplicar os seus coñecementos ó seu traballo ou vocación dun xeito profesional e posúan as competencias que se demostran por medio da elaboración e defensa de argumentos e a resolución de problemas dentro da su entorna de traballo.
B3	CB3 - Que os estudantes teñan a capacidade de reunir e interpretar datos relevantes (normalmente dentro da su área de estudo) para emitir xuízos que inclúan unha reflexión sobre temas relevantes de índole social, científica ou ética
B4	CB4 - Que os estudantes poidan transmitir información, ideas, problemas e solucións a un público tanto especializado como non especializado
B5	CB5 - Que os estudantes desenvolvesen aquelas habilidades de aprendizaxe necesarias para emprender estudos posteriores cun alto grao de autonomía
B6	CG1- Que os estudantes formados se convertan en profesionais capaces de analizar, reflexionar e intervir sobre os diferentes elementos que constitúen un sistema económico



B7	CG2 - Que os estudantes coñezan o funcionamento e as consecuencias dos sistemas económicos, as distintas alternativas de asignación de recursos, acumulación de riqueza e distribución da renda e estean en condicións de contribuír ao seu bo funcionamento e mellora
B8	CG3 -Que os estudantes sexan capaces de identificar e anticipar os problemas económicos relevantes, identificar alternativas de resolución, seleccionar as máis axeitadas e avaliar os resultados aos que conduce.
B9	CG4 -Que os estudantes respecten os dereitos fundamentais e de igualdade de oportunidades, non discriminación e accesibilidade universal das persoas con minusvalidez.
C1	CT1-Expresarse correctamente, tanto de forma oral coma escrita, nas linguas oficiais da comunidade autónoma.
C4	CT2-Desenvolverse para o exercicio dunha cidadanía aberta, culta, crítica, comprometida, democrática e solidaria, capaz de analizar a realidade, diagnosticar problemas, formular e implantar solucións baseadas no coñecemento e orientadas ao ben común.
C5	CT3-Entender a importancia da cultura emprendedora e coñecer os medios ao alcance das persoas emprendedoras.
C6	CT4-Valorar criticamente o coñecemento, a tecnoloxía e a información dispoñible para resolver os problemas cos que deben enfrontarse.
C7	CT5-Asumir como profesional e cidadán a importancia da aprendizaxe ao longo da vida.
C8	CT6-Valorar a importancia que ten a investigación, a innovación e o desenvolvemento tecnolóxico no avance socioeconómico e cultural da sociedade.

Resultados da aprendizaxe			
Resultados de aprendizaxe	Competencias / Resultados do título		
Aplicar á análise dos problemas criterios profesionais baseados no manexo de instrumentos técnicos e difundir o uso de novas tecnoloxías	A4 A7 A10	B2	C6
Asumir como profesional e cidadán a importancia da aprendizaxe ao longo da vida e fomentar os valores do esforzo, traballo, formación continua e iniciativa privada		B3 B4	C4 C7 C8
Saber facer a presentación oral e escrita dun proxecto de análise económica-organizativo dunha empresa	A5 A6 A11 A12 A13	B5 B6	C1 C5
Expresarse correctamente, tanto de forma oral como escrita, nas linguas oficiais da comunidade autónoma		B6 B8	C1
Desenvolverse para o exercicio dunha cidadanía aberta, culta, crítica, comprometida, democrática e solidaria			C4
Comprender os custos de transacción e os custos de axencia nos límites organizativos da empresa así como as variables relacionadas coa análise organizativo	A1 A2 A3 A8 A9	B1 B7 B9	

Contidos	
Temas	Subtemas
Tema 1. Análise dos custos de transacción	1.1. Concepto de custos de transacción 1.2. Combinación de factores humanos e ambientais nos custos de transacción 1.3.Efecto dos custos de transacción na elección entre mercado e organización
Tema 2. O proceso contractual: un enfoque de axencia	2.1. A empresa como nexos de contratos 2.2. Información e problemas contractuais 2.3. Solucións contractuais
Tema 3. Análise organizativo	3.1. Introducción 3.2. Parámetros de deseño organizativo 3.3. Factores de continxencia 3.4. Configuracións estruturais



Planificación

Metodoloxías / probas	Competencias / Resultados	Horas lectivas (presenciais e virtuais)	Horas traballo autónomo	Horas totais
Proba obxectiva	A2 A3 B5	2	28	30
Seminario	A9 C1 C4 C5	4	4	8
Sesión maxistral	A1 A3 A8 B2 B3 B4 B7 B9	17	0	17
Traballos tutelados	A5 A6 A10 A11 A13 B8 C6 C7	6	24	30
Análise de fontes documentais	A3 A7 A12	5	15	20
Estudo de casos	A2 A3 A4 B1 B6 C8	13	28	41
Atención personalizada		4	0	4

*Os datos que aparecen na táboa de planificación son de carácter orientativo, considerando a heteroxeneidade do alumnado

Metodoloxías

Metodoloxías	Descrición
Proba obxectiva	Exame tipo test
Seminario	Organizaranse 4 horas de tutorías presenciais para o seguimento dos traballos cuxas datas e horas serán comunicadas ao longo do curso
Sesión maxistral	Presentación de conceptos teóricos básicos
Traballos tutelados	Traballos en grupo nos que se aplicarán os conceptos vistos nas sesións maxistrais
Análise de fontes documentais	Procura e análise de datos relevantes utilizando as novas tecnoloxías da información
Estudo de casos	Análise de casos prácticos reais aplicados ao marco conceptual da materia

Atención personalizada

Metodoloxías	Descrición
Traballos tutelados Sesión maxistral Seminario Estudo de casos	Os seminarios e as tutorías servirán para aclarar dúbidas e facer un seguimento dos traballos tutelados ou dúbidas en seminarios e sesión maxistral

Avaliación

Metodoloxías	Competencias / Resultados	Descrición	Cualificación
Traballos tutelados	A5 A6 A10 A11 A13 B8 C6 C7	Traballos en grupo sobre unha empresa real	20
Proba obxectiva	A2 A3 B5	Exame tipo test	60
Estudo de casos	A2 A3 A4 B1 B6 C8	Análise de casos presentados en clase	10
Análise de fontes documentais	A3 A7 A12	Uso de fontes de información axeitadas. Cada grupo deberá expoñer en clase un concepto ou epígrafe non visto con anterioridade	10

Observacións avaliación



Considérase

que un alumno está dentro da avaliación continua e, polo tanto, se lle aplicará o esquema de avaliación anterior, se realizou máis dun 20% dos traballos e casos prácticos encargados. Polo tanto, este alumno se non alcanza o cinco, estará "suspenso" nas actas da materia aínda que non se presente ao exame. Este sistema de avaliación mantense tanto para a primeira oportunidade coma para xullo e para a convocatoria adiantada de decembro.

Tanto

o estudo de casos, análise de fontes documentais e os traballos tutelados realízanse ao longo do curso e non é posible a súa realización fóra do período lectivo dado que se realizan dentro da aula. Tanto aos alumnos a tempo parcial como a tempo completo se lles aplicará o mesmo sistema de avaliación.

Para

o cálculo da nota media final, será preciso obter unha nota mínima de 4 puntos sobre 10 puntos no exame (non se calculará a nota media dos alumnos que obteñan unha nota menor que esta no exame). Para superar a materia, a nota media ponderada final deberá ser igual ou superior a 5 puntos sobre 10.

Recórdase

que está prohibido acceder ao exame con calquera dispositivo que permita a comunicación co exterior e/ou o almacenamento de información. Así mesmo, recórdase que calquera alumno sorprendido realizando o exame mediante calquera procedemento fraudulento se lle asignará unha nota de cero no exame.

Fontes de información

Bibliografía básica

- Cuervo García, Álvaro (2004). Introducción a la administración de empresas. Madrid: Civitas
- Mintberg, Henry (Varios). La estructuración de las organizaciones. Ariel
- Cuervo García, A. (2004). Introducción a la administración de empresas. Madrid: Civitas. Mintzberg, H. (varios años). La estructuración de las organizaciones. Ariel.

Bibliografía complementaria

Recomendacións

Materias que se recomenda ter cursado previamente

Economía da Empresa: Dirección e Organización/611G01008

Materias que se recomenda cursar simultaneamente

Materias que continúan o temario

Observacións

(*A Guía docente é o documento onde se visualiza a proposta académica da UDC. Este documento é público e non se pode modificar, salvo casos excepcionais baixo a revisión do órgano competente dacordo coa normativa vixente que establece o proceso de elaboración de guías